

LIÑAS PRIORITARIAS
DE ACTUACIÓN NA
BIBLIOTECA ESCOLAR

2017-2018



CRA BOQUEIXÓN-VEDRA
"NEIRA VILAS"

Título do proxecto: "ARTISTEANDO"

Nos cursos anteriores o tema sobre o que xiraba a biblioteca era o mesmo que o de voz natura xa que no CRA consideramos importante a coordinación entres os diferentes equipos e o bo funcionamento do traballo conxunto. Pero no vindeiro curso 2017-2018 o tema de voz natura non é moi atractivo para o noso alumnado e por iso desde o equipo da biblioteca e o claustro consideramos oportuno elixir outro tema máis motivador para eles e que nos permita desenvolver máis e mellores proxectos. Deste xeito o tema elixido foi: O ARTE.

No vindeiro curso contaremos con algo máis de 100 alumnos/as, a maioría deles de infantil e o resto do primeiro ciclo de primaria. Ditos alumnos/as están escolarizados/as en 6 escolas, tres do concello de Boqueixón e outras tres do concello de Vedra.

A nosa biblioteca está situada na sede do CRA, en Lestedo. É agradable e acolledora pero debido a súa distancia das escolas, son poucos os nenos que acoden a ela para ler contos, únicamente algún alumno/a da escola de Lestedo pola súa cercanía. Por iso para nós é moi importante achegarlles novos contos e poñerllos ao alcance da man.

Os nosos obxectivos poderían resumirse en:

- Dispoñer cada vez de máis fondos útiles, interesantes e variados.
- Mobilizalos para sacarlles o máximo proveito. Xa que dita biblioteca non lles queda a man, é importante contar en cada unha das nosas escolas cunha gran variedade de contos axeitados ás idades dos rapaces e rapazas.

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Teremos un equipo integrado por catro persoas das cales unha será a responsable e as outras tres dinamizadoras da biblioteca escolar. Isto non quere dicir que só este equipo se implique neste proxecto senón que todo o claustro axuda a desenvolvelo, sendo parte importante da nosa PXA.

Faremos reunións frecuentes de dito equipo para poñer en común ideas sobre o desenvolvemento das actividades e aportar novas ideas que vaian xurdindo ó longo do curso para a mellora da biblioteca. Os acordos acadados poñeranse en coñecemento do

resto do claustro para que exprese as súas opinións e a conveniencia ou non de levalas a cabo. Estas xuntanzas terán lugar semanalmente, concretamente os martes pola tarde, cando nos vemos todos na sede.

2. DINAMIZACIÓN DOS RECURSOS E INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO

Para poñer en contacto a biblioteca coas familias seguiremos empregando a mochila viaxeira, consistente en meter nunha mochila unha serie de contos de diferentes temáticas que cada semana levará para a súa casa un neno ou nena de cada escola e así dispor de diferentes contos dos que teñen nas aulas.

Tamén levaremos a cabo a maleta viaxeira. Sendo ésta unha maleta cheíña de contos, marionetas ou audiovisuais que irá pasando de escola en escola cada mes.

Ademáis, como en anos anteriores, faremos a mochila temática, sendo unha mochila que estará cada dúas semanas en cada escola con contos relacionados có tema sobre o que xira o proxecto, neste caso: o arte.

As bibliotecas de aula teñen moita importancia e procuramos telas activas. Nelas os nenos/as elixen o libro que queren levar en préstamo, un á semana para os máis pequenos, os de primaria levan os que sexan quen de ler.

Dentro dun ensino globalizado a biblioteca está incluída como elemento transversal clave e os seus recursos considerados como moi valiosos para o desenvolvemento curricular.

En tódalas escolas realízanse diariamente lecturas de contos, dos que ademais aproveitamos para facer diferentes actividades: xogos para estimular a linguaxe, representación de contos con marionetas ou invención de novos contos, que leva a cabo a mestra de AL, expresión musical (contos musicados e dramatizacións), expresión plástica (debuxos, murais, plastilina), contos en inglés, pequenas producións propias na PDI...

3. FORMACIÓN DE USUARIOS.

Tódolos implicados neste proxecto temos intención de seguir formándonos para conseguir o mellor aproveitamento da biblioteca escolar. Contamos para iso cos encontros PLAMBE, cursos e talleres que poidamos organizar ao longo do curso.

No referente á formación dos pequenos usuarios será moi básica debido ás súas idades: coidado dos libros, colocación e orde nos andeis... Os de primaria iniciaranse na busca a través de Internet tanto de información como de lecturas de lecer.

4. O PROXECTO LECTOR E O FOMENTO DA LECTURA

Principios nos que baseamos o noso proxecto lector:

- a) Consideramos que a lectura debe ser para o noso alumnado unha fonte de goce e diversión, que disfruten coas historias dos contos e non vexan a lectura como unha obriga. Tamén, claro está, a ferramenta necesaria para facerse coa información e a cultura.
- b) Ambicionamos espertar neles, e para toda a vida, o amor polos libros, sexan estes de papel ou noutros soportes.
- c) "Os libros falan e o que din gústame, por iso quero aprender a ler". Traballamos para que esta motivación empuxe ao noso alumnado na aprendizaxe da lectura, que se realizará sempre de forma lúdica e sen apresuramento.

Do mesmo xeito tratamos a escrita: "Quero escribir porque tamén teño cousas que contar", sería o que levase ao neno/a a trazar garabatos e letras.

- d) Animamos ás familias para que colaboren na formación e consolidación do hábito lector.

Na aplicación destes principios estamos comprometidos todo o profesorado. A diario realizamos actividades que fomentan a expresión oral, a comprensión lectora e a escrita en todas as áreas do currículo.

Para levar a cabo estas actividades, deseñadas segundo as diferentes idades, contamos con diversos recursos: libros, CDs, materiais para a PDI, audiovisuais de creación propia como contos e dramatizacións; aparte do que nos pode aportar Internet. Todo isto

facémolo aproveitando que estamos razoablemente ben dotados de medios informáticos e nos esforzamos en sacarles rendibilidade.. Amosando todo o que levamos a cabo no noso blogue: crateca.blogspot.com.

5) OUTRAS ACTUACIÓNS

Coma nos cursos pasados montaremos sinxelas pezas teatrais nas que non só participe o alumnado senón o profesorado e, xa que nos dous concellos existen grupos de teatro amador, tamén as familias. Ditas obras podémolas levar a cabo nos festivais de nadal e entroido.

Procuraremos contar este ano tamén cun contacontos especializado, para o que nos xuntaremos todo o CRA nunha das escolas ou acudir ó teatro para desfrutar dalgunha obra axeitada ás súas idades.

Dado que o tema sobre o que xirará a biblioteca será o arte posiblemente realizaremos algún concurso/exposición.

6) AVALIACIÓN

A avaliación estará a cargo do equipo de dinamización e será continua e formativa. Durante o curso faremos reunións mensuais de todos os implicados para ver como se vai integrando o proxecto nas aulas, revisar os traballos feitos e expoñer novas actividades. Iranse anotando os aspectos positivos e os mellorables da posta en práctica do proxecto. Cando remate o curso farase unha avaliación na que se revisarán os obxectivos e o grado de consecución dos mesmos consultando a opinión de todos.

7) RESPONSABLE DO EQUIPO DA BIBLIOTECA. HORARIO.

Neste curso a persoa responsable da biblioteca será: Inés Edreira Gómez e os dinamizadores: M^a de la Cruz Martínez García , Sonia Iglesias Sánchez e Sabela Sanmartín Castro.

Tendo en conta que a biblioteca está na sede só a podemos atender os martes de 16 a 18 horas e os mércores pola mañá (a cargo do equipo directivo). Ademáis a responsable da biblioteca contará con 2 horas semanais de coordinación para desenvolver actividades, materiais... No horario dos martes está aberta e a disposición de toda a comunidade educativa. O profesorado pode acceder a ela cando o precise.

ACTIVIDADES

- Ampliación de fondos, prioritariamente con material bibliográfico e audiovisual que trate, entre outros, o tema da arte.
- Elaboración dos carnés da biblioteca para o novo alumnado.
- Diariamente contaránse contos en infantil que servirán de base para traballar dramatizacións, cancións, expresión plástica... En primaria faranse sesións de lectura a cargo dos alumnos, sempre axeitadas e gustosas.
- Maleta viaxeira con material variado.
- Mochila viaxeira con material variado.
- Mochila temática con contos sobre o arte.
- Poñer a andar polas escolas o libro viaxeiro con algúnha actividade relacionada coa arte.
- Emprego dos encerados dixitais para traballar o fomento da lectura: contos online, contos con actividades Notebook ou Lim, escanado de contos para un visionado cómodo, de poesías, actividades de comprensión lectora, de lectoescritura...
- Invención e creación de contos variados (en formato papel e dixital) e tamén de contos sobre o arte.
- Levar a cabo algún xogo a partir de contos.
- Representar contos con marionetas.
- Tentaremos atopar a alquén que nos veña dar algún curso-taller con temática artística.
- Procuraremos contar coa visita dalgún contacontos así como acudir á teatro a ver algunha representación.
- E posiblemente levaremos a cabo algún concurso-exposición xa que o tema elixido da pé a elo.

- Celebraremos o Día do Libro adicándolle unha semana a facer diferentes actividades, posiblemente algunha relacionada cós cómics, xa que é un formato que queremos traballar desde a biblioteca.
- Nas letras galegas tamén levaremos a cabo algunha actividade.

Indicar finalmente que ó longo do curso e dos diferentes proxectos irán xurdindo novas ideas e actividades para levar a cabo dende a biblioteca e que serán reflexadas na memoria final.

Vº e prace



Lestedo, 13 de xuño de 2017

Asdo. Yolanda Neira Gómez

Asdo. Inés Edreira Gómez

Directora do centro

Responsable do Equipo de Biblioteca